

**PLAN DE CONTINXENCIA**  
**CEIP DE VIÑAGRANDE-DEIRO**

**2021-2022**

O Plan de Continxencia do CEIP de Viñagrande-Deiro ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompido a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula/etapa educativa/centro.

## ÍNDICE

A. Actuacións previas diante da aparición dun abrocho.....	3
B. Actuacións para o período de actividade lectiva non presencial .....	4
C. Medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial .....	5
D. ANEXO I: Plan de ensino virtual .....	6
1. Obxectivo.....	7
2. Alumnado ao que vai dirixido .....	7
3. Actividade lectiva a distancia.....	7
4. Horario do alumnado.....	8
4.1. Educación Infantil.....	8
4.2. 1º E. Primaria.....	9
4.3. 2º E. Primaria.....	9
4.4. 3ºE. Primaria.....	10
4.5. 4º E. Primaria.....	11
4.6. 5º E. Primaria.....	11
4.7. 6º E. Primaria.....	12
5. Mecanismos de avaliación e asistencia.....	13

## A. ACTUACIONES PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABROCHO

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan síntomas compatibles con Covid-19, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de Covid-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de Covid-19.

2. Diante dunha persoa que desenvolva síntomas compatibles con Covid-19 no centro educativo seguirase o protocolo de actuación do centro previamente elaborado:

- Colocaráselle unha máscara cirúrxica, levaráselle á sala de Covid destinada ao efecto ata a recollida por parte da familia. Esta disporá de adecuada ventilación, xel hidroalcohólico e papeleira con tapa de pedal. Será necesario contactar coa persoa responsable do manexo da Covid-19 no centro educativo e cos familiares ou titores legais.

- A persoa que acompañe ao caso sospeitoso deberá levar o material de protección adecuado:

- Máscara cirúrxica, se a persoa con síntomas a leva.
- De forma excepcional e no caso específico de que o/a alumno/a teña unha exención para o uso da máscara por xustificación médica ou é menor de 6 anos e non usa máscara, a persoa acompañante usará máscara FFP2 sen válvula (KN95), ademais dunha pantalla facial e unha bata desbotable. Na eventualidade de que non houberse dispoñibilidade de máscaras KN95, poderá utilizarse unha máscara cirúrxica xunto coa obrigatoriedade da utilización da pantalla.

Se coincidisen no tempo máis dun caso con sintomatoloxía compatible coa Covid-19, os restantes casos agardarán acompañados por algunha persoa traballadora do centro educativo de preferencia nun lugar cuberto exterior ao edificio ou noutro lugar interior coa ventilación adecuada. A persoa que utilice a FFP2 deberá estar formada na utilización dos equipos de protección individual e no seu refugallo.

O centro contará cun stock deste material para as situacións nas que se requira para a atención dun caso sospeitoso.

3. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4. No suposto da aparición dun caso, nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, a persoa coordinadora do equipo formado na Covid-19, a petición dos

servizos de saúde a través de EduCovid, incluírá na aplicación informática a información prevista do eventual afectado/a relativa aos contactos estreitos, dos compañeiros/as afectados/as e do seu profesorado, así como de quen sexa persoa próxima vencellada ao centro educativo.

5. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico.

6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid-19 seguíanse as recomendacións da CSC e, no caso de gromos, da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que estar illada unha parte dun centro educativo (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada gromo.

7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, determinará en cada caso o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena o que se comunicará ao equipo Covid do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade.

9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días a todas as persoas que teñan a consideración de contacto estreito.

10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo, na resolución que se dite aos efectos do Plan de Continxencia ante peches de aulas ou centros educativos no contexto da Covid-19 nos centros de ensino non universitario sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021- 2022 así como para a elaboración de horarios nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021- 2022 para o desenvolvemento de ensino a distancia en períodos de peche de aulas ou centros como consecuencia da pandemia da Covid-19, relativas ao ensino a distancia.

## **B. ACTUACIONES PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL**

11. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería.

Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

12. O equipo Covid do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

13. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

14. Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

a) Manter o contacto permanente co alumnado e as súas familias para coñecer a súa evolución no estado de saúde, acompañar e continuar co ensino a distancia e coidar o vínculo (co alumnado e coas familias).

b) Utilizar a aula virtual e a aplicación Cisco Webex seguindo o horario adxunto no anexo cos niveis afectados para garantir a continuidade no proceso de ensino-aprendizaxe.

c) Realizar tarefas de desinfección profundas no centro.

d) Revisar o protocolo para buscar posibles erros e facer as modificacións que se estimen oportunas.

### **C. MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAS**

15. Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase unha planificación do retorno a actividade presencial.

## **D. ANEXO I: PLAN DE ENSINO VIRTUAL**

### **ÍNDICE**

1. Obxectivo.....	7
2. Alumnado ao que vai dirixido .....	7
3. Actividade lectiva a distancia.....	7
4. Horario do alumnado.....	8
4.1. Educación Infantil.....	8
4.2. 1º E. Primaria.....	9
4.3. 2º E. Primaria.....	9
4.4. 3ºE. Primaria.....	10
4.5. 4º E. Primaria.....	11
4.6. 5º E. Primaria.....	11
4.7. 6º E. Primaria.....	12
5. Mecanismos de avaliación e asistencia.....	13

## 1. OBXECTIVO

O plan de ensino virtual, ante a Covid-19, pretende proporcionar un sistema regrado e estable de docencia virtual que ofrezca ao alumnado en corentenas ou confinamentos, totais ou parciais, unhas rutinas similares ás do ensino presencial, favorecendo:

- A interacción entre o alumnado, profesorado e familias co fin de:
  - Acompañar os procesos madurativos e de aprendizaxe.
  - Coidar o vínculo.
  - Manter o interese e a motivación polas actividades propostas.
- A realización das propostas.
- A avaliación do progreso.

## 2. ALUMNADO AO QUE VAI DIRIXIDO

O plan de ensino virtual está dirixido ao alumnado que cursa no centro os niveis de 3º a 6º de Educación Primaria. Asemade, acordouse que os niveis de 1º e 2º de Educación Primaria e Educación Infantil fixeran uso da Aula Virtual e/ou plataforma de videoconferencia institucional.

## 3. ACTIVIDADE LECTIVA A DISTANCIA

A actividade lectiva non presencial será impartida polo profesorado ordinario do alumnado a través das ferramentas dispoñibles:

- a. *Plataforma de videoconferencia institucional*, que permite a interacción en tempo real, compartir contidos, e a realización de exercicios.
- b. *Aula Virtual*: espazos dixitais de traballo que permiten dispoñer dun espazo web online para organizar os contidos.
- c. Durante o peche ou confinamento o profesorado poderá impartir docencia desde o propio centro educativo ou no seu domicilio, no caso de dispoñer dos medios adecuados para realizar o servizo.
- d. O profesorado e o alumnado do grupo deberán conectarse á hora que se establece no cadro horario. Para elo, o momento da conexión establecerase coa antelación suficiente para o aproveitamento do período lectivo.
- e. As tarefas para o alumnado asemellaranse, na medida do posible, ao sistema presencial, respectando o seu dereito ao lecer e ao descanso.



#### 4. HORARIO DO ALUMNADO

Elaborarase un “horario espello” para a docencia a distancia para os cursos de 3º a 6º de Educación Primaria, de obrigado cumprimento para alumnado e profesorado, e de referencia para as familias.

Deberá respectarse a carga lectiva de cada área. Esta repartirase de xeito que, como mínimo, o 60% do tempo se destinará a docencia virtual e o outro 40% a realización de tarefas por parte do alumnado.

O profesorado e o alumnado do grupo deberán conectarse á hora que se establece no cadro horario.

Os tres primeiros martes do mes establecerase unha sesión de titoría para as familias, das 18.00 ás 19.00 horas.

---

##### 4.1. Educación Infantil

---

Na etapa de Educación Infantil contaremos cunha única aula virtual para todo o ciclo na que se incorporarán as especialidades.

As propostas serán vivenciais, manipulativas, abertas e globalizadas para que cada neno e nena as realice partindo do seu momento evolutivo respectando, así, os ritmos individuais. Todas elas estarán deseñadas tendo en conta a importancia de manter unha serie de hábitos e rutinas diarias para o coidado dun/ha mesmo/a, das demais persoas e da contorna, o diálogo e a escoita, os momentos de recolleto e tamén os momentos para o encontro cos demais, o xogo libre, a libre expresión e a autonomía, todo iso nun ambiente amable e acompañando as emocións para o que é necesario establecer unha serie de normas e límites. As mestras de Educación Infantil colgarán propostas e comunicaranse co alumnado e coas familias a través da Aula Virtual diariamente. O profesorado especialista o fará ao día correspondente segundo a seguinte táboa:

<b>INFANTIL</b>	<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>	<b>VENRES</b>
	INGLÉS	PSICOMOTRICIDADE	RELIXIÓN	MÚSICA	TITORÍAS

---

#### 4.2. 1º Educación Primaria

---

Na medida do posible, respectarase a metodoloxía que se desenvolve na actividade presencial. As mestras titoras realizarán propostas tres días á semana, adaptadas aos diferentes ritmos e momento evolutivos do alumnado. O profesorado especialista o fará unha proposta semanal. Seguirase a seguinte táboa:

1º PRIMARIA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
	MÚSICA TITORIA	EF	INGLÉS TITORIA	RELIXIÓN	TITORÍA

Á hora de desenvolver cada día a xornada lectiva, a **organización** será a seguinte:

- As **propostas de traballo** diarias estarán dispoñibles na aula virtual ás 9.00h.
- Realizarase unha **videochamada grupal** de frecuencia semanal, para que o alumnado poda verse, manter o vínculo e intercambiar opinións a través de faladoiros para valorar a adecuación das propostas aos seus intereses.
- Nos momentos de **atención individual**, levaranse a cabo chamadas telefónicas e/ou videochamadas de xeito privado ás familias debidamente planificadas, destinadas a manter o vínculo persoal co alumnado e familias e a atender situacións e necesidades persoais que podan xurdir.

---

#### 4.3. 2º Educación Primaria

---

2º PRIMARIA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
	EF TITORIA	RELIXIÓN	MUSICA TITORIA	INGLÉS	TITORIA

Á hora de desenvolver cada día a xornada lectiva, a **organización** será a seguinte:

- As **propostas de traballo** diarias estarán dispoñibles na aula virtual ás 9.00h.
- Realizarase unha **videochamada grupal** de frecuencia semanal, para que o alumnado poda

verse, manter o vínculo e intercambiar opinións a través de faladoiros para valorar a adecuación das propostas aos seus intereses.

– Nos momentos de **atención individual**, levaranse a cabo chamadas telefónicas e/ou videochamadas de xeito privado ás familias debidamente planificadas, destinadas a manter o vínculo persoal co alumnado e familias e a atender situacións e necesidades persoais que podan xurdir.

---

#### 4.4. 3º Educación Primaria

---

3º PRIMARIA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00h a 09:45h	L.CASTELÁ	INGLÉS	RELIX/VAL	MATEMÁTICAS	L.GALEGA
09:45h a 10:30h	L.CASTELÁ	MÚSICA	CC. NATURAIS	MATEMÁTICAS	L.GALEGA
10:30h a 11:15h	L.CASTELÁ	MATEMÁTICAS	CC. NATURAIS	MATEMÁTICAS	CC.SOCIAIS
11:15h a 11:45h	LEGER				
11:45h a 12:30h	E.F.	MATEMÁTICAS	L.GALEGA	MÚSICA	CC.SOCIAIS
12:30h a 13:15h	E.F.	PLÁSTICA	L.GALEGA	INGLÉS	CC.SOCIAIS
13:15h a 14:00h	L. CASTELÁ	PLÁSTICA	L.GALEGA	INGLÉS	TITORÍA

Á hora de desenvolver cada día a xornada lectiva, a organización será a seguinte:

- O profesorado sinalará no horario os momentos nos que se farán as videoconferencias. Durante este tempo realizarase unha docencia virtual na que se presentarán novos contidos, resolveranse dúbidas, corríxiranse exercicios de forma conxunta e outro tipo de actividades nas que participe todo o alumnado conxuntamente como faladoiros, lecturas, xogos didácticos...
- O tempo restante que non apareza resaltado no horario, corresponderase co momento no que alumnado realizará as tarefas de forma individual.

#### 4.5. 4º Educación Primaria

4º PRIMARIA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00h a 09:45h	L.CASTELÁ	MATEMÁTICAS	MÚSICA	INGLÉS	RELIX/VAL
09:45h a 10:30h	CC. NATURAIS	MATEMÁTICAS	MÚSICA	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS
10:30h a 11:15h	CC. NATURAIS	L.GALEGA	L.CASTELÁ	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS
11:15h a 11:45h	LECER				
11:45h a 12:30h	L.CASTELÁ	E.F.	L. CASTELÁ	L.GALEGA	PLÁSTICA
12:30h a 13:15h	CC.SOCIAIS	E.F.	INGLÉS	L.GALEGA	PLÁSTICA
13:15h a 14:00h	CC.SOCIAIS	L.GALEGA	INGLÉS	L.GALEGA	TITORÍA

Á hora de desenvolver cada día a xornada lectiva, a organización será a seguinte:

- O profesorado sinalará no horario os momentos nos que se farán as videoconferencias. Durante este tempo realizarase unha docencia virtual na que se presentarán novos contidos, resolveranse dúbidas, corrixiranse exercicios de forma conxunta e outro tipo de actividades nas que participe todo o alumnado conxuntamente como faladoiros, lecturas, xogos didácticos...
- O tempo restante que non apareza resaltado no horario, corresponderase co momento no que alumnado realizará as tarefas de forma individual.

#### 4.6. 5º Educación Primaria

5º PRIMARIA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00h-09:45h	L.CASTELÁ	RELIX/VAL	PLÁSTICA	L.GALEGA	L.GALEGA
09:45h-10:30h	L.CASTELÁ	INGLÉS	PLÁSTICA	L.GALEGA	MATEMÁTICAS
10:30h-11:15h	L. CASTELÁ	MATEMÁTICAS	CC.SOCIAIS	L.GALEGA	CC. NATURAIS
11:15h-11:45h	LECER				
11:45h-12:30h	L.CASTELÁ	MATEMÁTICAS	CC.SOCIAIS	L.GALEGA	CC. NATURAIS
12:30h-13:15h	INGLÉS	MATEMÁTICAS	E.F.	MÚSICA	CC. NATURAIS
13:15h-14:00h	INGLÉS	MATEMÁTICAS	E.F.	MÚSICA	TITORÍA

Á hora de desenvolver cada día a xornada lectiva, a organización será a seguinte:

- O profesorado sinalará no horario os momentos nos que se farán as videoconferencias. Durante este tempo realizarase unha docencia virtual na que se presentarán novos contidos, resolveranse dúbidas, corríxiranse exercicios de forma conxunta e outro tipo de actividades nas que participe todo o alumnado conxuntamente como faladoiros, lecturas, xogos didácticos...
- O tempo restante que non apareza resaltado no horario, corresponderase co momento no que alumnado realizará as tarefas de forma individual.

---

#### 4.7. 6º Educación Primaria

---

6º E.P.	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00h 09:45h	L. CASTELÁ	L.CASTELÁ	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	L. GALEGA
09:45h 10:30h	CONTEXTO HUMANÍSTICO	MÚSICA	MATEMÁTICAS	INGLÉS	RELIXIÓN VALORES
10:30h 11:15h	CONTEXTO HUMANÍSTICO	MÚSICA	L. GALEGA	INGLÉS	L. GALEGA
11:15h 11:45h	PERÍODO DE LECER				
11:45h 12:30h	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	LINGUA GALEGA	EF	CIENTÍFICO CONTEXTO
12:30h 13:15h	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	PLÁSTICA	EF	CONTEXTO CIENTÍFICO
13:15h 14:00h	INGLÉS	L. CASTELÁ	PLÁSTICA	L.CASTELÁ	TITORÍA

Á hora de desenvolver cada día a xornada lectiva, a organización será a seguinte:

- O profesorado sinalará no horario os momentos nos que se farán as videoconferencias. Durante este tempo realizarase unha docencia virtual na que se presentarán novos contidos, resolveranse dúbidas, corríxiranse exercicios de forma conxunta e outro tipo de actividades nas que participe todo o alumnado conxuntamente como faladoiros, lecturas, xogos didácticos...
- O tempo restante que non apareza resaltado no horario, corresponderase co momento no que alumnado realizará as tarefas de forma individual.

## 5. MECANISMOS DE AVALIACIÓN E ASISTENCIA

*A avaliación do plan concretarase nas programacións do curso escolar 2021/22, no apartado de atención de ensino virtual.*